

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN COMITÉ ESPAÑOL DE LA UNRWA (UNRWA ESPAÑA) PARA O PROXECTO “GARANTIR O DEREITO Á EDUCACIÓN NA FRANXA DE GAZA FRONTE Á CRISE HUMANITARIA AGRAVADA POLO COVID-19”

(1) A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

Que unha das prioridades sectoriais establecidas na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.

O IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021 reconece un dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega é a promoción do exercicio dos dereitos sociais básicos, como a saúde, a educación, alimentación, hábitat y auga y saneamento básico.

(2) Antecedentes: UNRWA España é o primer comité constituído en 2005 para apoiar o traballo de UNRWA, principalmente en actividades de sensibilización e captación de fondos en España. Para permitir a realización do apoio mencionado, UNRWA e UNRWA España asinaron un acordo de cooperación o 9 de xullo de 2005, actualmente vixente, polo cal as contribucións realizadas polas Comunidades Autónomas de España e asignadas a UNRWA derivadas do acordo previamente mencionado, serán recoñecidas como contribucións obtidas por UNRWA España en beneficio das operacións levadas a cabo por UNRWA, do que se deriva a súa capacidade técnica e loxística necesaria para a óptima execución da intervención proposta.

(3) Finalidade Establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a entidade “Asociación Comité Español de la UNRWA” para a execución do proxecto “garantir o dereito á educación na Franxa de Gaza fronte á crise humanitaria agravada polo Covid-19”.



(4) O convenio ten por obxecto contribuír a través de “Asociación Comité Español de la UNRWA” a paliar as consecuencias da actual pandemia de coronavirus no ámbito educativo, centrándose en contribuír a un programa de educación desenvolvido e implementado pola entidade, que ten como obxectivo asegurar que os nenos e nenas refuxiadas de Palestina teñan garantido o acceso a unha educación primaria de calidade, fronte a la ameaza do COVID-19, aumentando a capacidade do sistema educativo para ofrecer servizos. O proxecto artículase a través das 278 escolas que ten UNRWA en Gaza e a contribución da Xunta irá destinada a cubrir os salarios de 7 docentes durante tres meses na escola elemental ‘Beach’ na Franxa de Gaza.

(5) A especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e, e as partes son conscientes de que é preciso aunar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e os dereitos da poboación refuxiada palestina, actualmente complicadas coa pandemia do coronavirus.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 30.000 € (trinta mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

